



FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

Profesor e historiador, naceu en Betanzos o 7 de maio de 1891 († 25 de agosto de 1982). Publicou unha trintena de traballos históricos relacionados coa súa cidade natal.

Desde moi xove dedicouse á docencia, actividade na que seguiu as doutrinas da Institución Libre de Ensinanza e foi o creador das Irmandades da Fala de Betanzos, director das colonias escolares coruñesas promovidas polo Museo Pedagóxico Nacional, director do Anuario Brigantino, investigador histórico e cronista oficial de Betanzos.

Foi secretario perpetuo da Real Academia Galega, membro do Instituto José Cornide e da Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, entre outras institucións culturais. Entre as medallas e distincións que acadou destacan: Fillo Predilecto de Betanzos, Orde de Alfonso X O Sabio, Premio Vitalicio da Fundación Barrié de la Maza, Medalla de Prata de Betanzos, Medalla do Mérito no Traballo e Medalla do Mérito Cultural.

Desde o 18 de novembro de 1981 o noso colexio leva o se nome.

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO (PEC)

PROXECTO EDUCATIVO de CENTRO



DATOS DO CENTRO

- **TIPO DE CENTRO:** CEIP (Centro Público de Educación Infantil e Primaria)
- **SITUACIÓN:** Betanzos
- **Nº UNIDADES: 42**
 - 11 de Ed. Infantil
 - 31 de Ed. Primaria
- **ALUMNADO DE:** Betanzos, Coirós e Paderne
- **ALUMNADO TOTAL: 940**
 - 243 de Ed. Infantil
 - 697 de Ed. Primaria
- **PROFESORADO TOTAL: 68**
 - 14 Educación Infantil
 - 30 Educación Primaria
 - 4 Filoloxía Inglesa
 - 1 Filoloxía Francesa
 - 4 Educación Física
 - 2 Educación Musical
 - 3 Audición e Linguaxe
 - 5 Pedagogía Terapéutica
 - 2 Dpto. Orientación
 - 3 Relixión Católica

INSTALACIÓNS

- **11 AULAS PARA E. INFANTIL**
- **31 AULAS PARA E. PRIMARIA**
- **1 AULA DE MÚSICA**
- **1 AULA DE INFORMÁTICA**
- **6 AULAS DPTO. ORIENTACIÓN**
- **2 BIBLIOTECAS**
- **3 SALAS DE USOS MÚLTIPLES**
- **1 PAVILLÓN POLIDEPORTIVO**
- **3 PATIOS CUBERTOS**
- **3 PATIOS DESCUBERTOS**
- **2 PISTAS DEPORTIVAS**
- **2 COMEDORES**
- **2 SALAS DO PROFESORADO**
- **2 DESPACHOS EQUIPO DIRECTIVO**
- **1 SECRETARÍA**
- **3 ALMACÉNS**

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- **TRANSPORTE ESCOLAR:**
 - 10 liñas de autobuses para alumnado con dereito ao transporte escolar gratuito.
- **COMEDOR ESCOLAR:**
 - Xestionado polo Concello de Betanzos, con servizo de catering.
- **PROGRAMA DE MADRUGADORES:**
 - De 07'30 a 09'00 horas.

FUNCIONAMENTO

- **HORARIO ESCOLAR:**
 - Xornada continuada en sesión única de mañá, de 09'00 a 14'00 horas.
 - Período de adaptación para o alumnado de nova incorporación ao centro.
- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**
 - De luns a venres e de 16'00 a 18'00 horas.
 - Arte y Pintura, taekwondo, baloncesto, pequexogos, ximnasia rítmica, baile, fútbol-sala, patinaxe.

HORARIO DE SECRETARÍA

- **DE LUNS A VENRES:**
 - De 09'15 a 13'45 horas.
- **MARTES POLA TARDE:**
 - De 16'00 a 18'00 horas.

LIÑA METODOLÓXICA

Promovemos unha metodoloxía de traballo activa, participativa e globalizadora; cunha escola motivadora que permita disfrutar coa aprendizaxe, valorando as propias realizacións e as dos demais.

Partindo do entorno construímos o coñecemento da realidade física e social e desenvolvemos as capacidades necesarias para recabar información, selecciónala, organizala, tomar decisións e presentar alternativas, empregando todos os medios ao alcance.

Pretendemos aprendizaxes significativas, que valoren non só o saber máis, se non o saber mellor, dando especial relevancia ao propio proceso.

PRINCIPIOS DE IDENTIDADE

Somos un centro de educación infantil e primaria de titularidade pública, polo tanto o noso proxecto educativo fundaméntase na pluralidade, na coeducación, nos valores democráticos e na aconfesionalidade.

Educación para a paz e a solidariedade favorecendo o traballo en común, potenciar a tolerancia, pluralismo, respecto, espírito crítico e participación, así como a responsabilidade e adquisición de bos hábitos de traballo e estudo, xunto coa adquisición das competencias básicas necesarias para o seu desenvolvemento na vida, son os valores que sustentan o noso proxecto educativo.

Cremos que a pluralidade do noso alumnado é un valor que potencia o respecto e a atención pola súa identidade persoal, por iso a resposta que damos a esa diversidade réxese polos principios de normalización, integración e inclusión escolar, compensación, discriminación positiva, habituación e interculturalidade.

Apostamos por unha formación integral, amosando interese pola innovación e o progreso, sostibles, ao tempo que potenciamos o respecto e a defensa do noso medio natural e do noso patrimonio.

Consideramos o principio de autoridade desde o respecto mútuo entre todos os membros da comunidade educativa.

Confiamos nunha xestión participada por todos os membros da comunidade educativa, baixo os principios de responsabilidade, prudencia, equilibrio, eficacia, eficiencia e legalidade.

Valoramos o entorno e estamos abertos á colaboración con todas aquelas institucións, organizacións e empresas, de carácter público ou privado, que contribúan á consecución dos principios de identidade que aquí se reflicten e nos definen como centro.